

ACCESO Á FORMACIÓN CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE NIVEL 2 E 3 DE CUALIFICACIÓN

- **REQUISITOS FORMATIVOS**
- **REGULACIÓN PROBAS COMPETENCIAS
CLAVE**

Orde do 7 de Xaneiro de 2014 pola que se establecen os requisitos formativos para o acceso á formación dos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 de cualificación profesional e se regulan as probas de avaliación en competencias clave dentro das accións formativas de formación profesional para o emprego na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 15 de Xaneiro de 2014)

REQUISITOS FORMATIVOS PARA O ACCESO Á FORMACIÓN DOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 2 E 3 DE CUALIFICACIÓN

OBXECTO

- ✓ Establecer uns requisitos de acceso que deberá cumprir o alumnado que vaia a cursar a formación correspondente aos certificados de profesionalidade de nivel 2 e 3 para as persoas que carezan das titulacións ou acreditacións esixidas así como as probas de avaliación en competencias clave que as habilita para realizar as accións formativas de formación para ó emprego.

AMBITO DE APLICACIÓN

- ✓ Comunidade Autónoma de Galicia

NORMATIVA

1. RD 189/2013, do 15 de marzo
2. Orde da Consellería de Traballo e Benestar do 7 de xaneiro 2014

Titulacións ou acreditacións requiridas para o acceso aos novos Certificados de Profesionalidade

Para acceder á formación dos módulos formativos dos certificados de profesionalidade do **nivel 1, non se establecen requisitos.**

REQUISITOS DE ACCESO CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 2

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 2

- ✓ Título de Graduado/a en educación secundaria obrigatoria.
- ✓ Certificado de Profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que desexa acceder.
- ✓ Certificado de profesionalidade do nivel 1 da mesma familia e área profesional.
- ✓ Cumprir requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso convocadas polas administracións educativas.
- ✓ Ter superada á proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou 45 anos.
- ✓ Certificado de apto/a nas competencias necesarias para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 2 de cualificación correspondente, a través da superación das probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

REQUISITOS DE ACCESO CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 3

CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE DE NIVEL 3

- Título de Bacharelato.
- Certificado de Profesionalidade do mesmo nivel do módulo ou módulos formativos e/ou do certificado de profesionalidade a que desexa acceder.
- Certificado de profesionalidade do nivel 2 da mesma familia e área profesional

- Cumprir requisito académico de acceso aos ciclos formativos de grao medio, ou ben ter superado as correspondentes probas de acceso convocadas polas administracións educativas.
- Ter superada á proba de acceso á universidade para maiores de 25 anos ou 45 anos.
- Certificado de apto/a nas competencias necesarias para acceder aos certificados de profesionalidade de nivel 3 de cualificación correspondente, a través da superación das probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería de Traballo e Benestar.

¿ QUE SON AS COMPETENCIAS CLAVE ?

Son os requisitos formativos que asegurarán que os alumnos/as que posúen os coñecementos necesarios para cursar con aproveitamento os cursos correspondentes aos novos certificados de profesionalidade de nivel de cualificación 2 ou 3.

Estas competencias clave comprenden un conxunto de contidos xerais de formación básica en diferentes áreas de coñecemento.

ACCESO AOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE A TRAVÉS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE

As competencias necesarias de acceso aos distintos certificados de profesionalidade son:

PROBAS DE AVALIACIÓN EN COMPETENCIAS CLAVE

- COMPETENCIA MATEMÁTICA.
- COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN EN LINGUA CASTELÁ
- COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN EN LINGUA EXTRANXEIRA
- COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN EN LINGUA GALEGA

- A **superación das probas de competencia clave** serve **exclusivamente para poder realizar cursos de certificados de profesionalidade**, sen ter validez académica.

- O certificado de Apto nas probas de avaliación en **comunicación en lingua estranxeira é necesario** para cursar aqueles **certificados de profesionalidade que inclúan un módulo de lingua estranxeira**, no nivel de cualificación e na lingua estranxeira que correspondan.

As Competencias Clave, necesarias para cursar a formación correspondente aos novos Certificados de Profesionalidade de nivel 2 e 3, pódense demostrar ou acreditar dos seguintes xeitos

1. POSUIR ALGUNHA DAS TITULACIÓNS OU ACREDITACIÓNS REQUIRIDAS PARA O ACCESO AOS NOVOS CERTIFICADOS DE PROFESIONALIDADE
2. SUPERAR AS PROBAS DE COMETENCIAS CLAVE
3. SUPERAR A FORMACIÓN ESPECÍFICA DE COMPETENCIAS CLAVE

PROBAS DE COMPETENCIAS CLAVE

- Realizárase unha proba por cada competencia clave de cada nivel de cualificación.
- Cada persoa poderá inscribirse en tantas competencias clave como estea interesada, en función dos certificados de profesionalidade que desexe cursar.
- As probas son de carácter presencial.
- Estarán exentas de realizar as probas, aquelas persoas que superasen con avaliación positiva accións formativas correspondentes a competencias clave que figuren no ficheiro de especialidades formativas do Servizo de Emprego Público Estatal (SEPE).

Requisitos para realizar as probas de avaliación en competencias clave:

- Idade mínima de 16 anos no ano de realización da proba.

Órgano responsable da xestión das probas de avaliación en competencias clave

Instituto Galego das Cualificacións

Convocatoria

Mínimo unha vez no ano

Publicación

A través de resolución (DOG) onde se concretan os aspectos do procedemento: datas, lugar, horarios e condicións das probas.

LIGAZÓNS WEB

<http://traballo.xunta.es/portada-competencias-clave>

<http://traballo.xunta.es/afd>.

As competencias clave demostradas mediante a superación da correspondente proba servirán para o acceso a todos os certificados de profesionalidade que requiran esas competencias clave como criterio de acceso.